



PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR CINCO PRAZAS DE OFICIAL AGRÍCOLA GANDEIRO (PROMOCIÓN INTERNA), INTEGRADA NO GRUPO C2 (OEP 2025). PRIMEIRO EXERCICIO.

1. Os empregados públicos teñen os seguintes dereitos de carácter individual en correspondencia coa natureza xurídica da súa relación de servizo:

- a) Á inamovibilidade na condición de funcionario de carreira
- b) Á adopción de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral
- c) A percibir as retribucións e as indemnizacións por razón de servizo
- d) Todas son correctas

2. Segundo o Estatuto Básico do Empregado Público, cal das seguintes afirmacións é correcta:

- a) Os funcionarios interinos desempeñan funcións de carácter permanente
- b) O persoal eventual ocupa postos que deben cubrirse obrigatoriamente mediante concurso
- c) Os procedementos de selección de persoal laboral serán públicos, rexéndose en todo caso polos principios de igualdade, mérito e capacidade
- d) Ningunha é correcta

3. Segundo a Lei de Prevención de Riscos Laborais, cal das seguintes afirmacións é correcta respecto a os dereitos e obrigas en materia de prevención:

- a) Os traballadores teñen dereito a interromper a súa actividade se consideran que existe un risco grave e inminente para a súa seguridade
- b) A empresa non está obrigada a proporcionar formación en prevención de riscos laborais
- c) Os traballadores son os únicos responsables de garantir a súa propia seguridade no traballo
- d) A avaliación de riscos no posto de traballo é opcional e depende da decisión do empresario

4. Segundo a Lei Orgánica de Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes, cal das seguintes afirmacións é correcta en relación coa igualdade de xénero:

- a) A Lei non contempla ningunha medida para eliminar a brecha salarial entre mulleres e homes

- b) A Lei establece que as mulleres teñen dereito a acceder a os mesmos empregos que os homes, pero cun límite nos postos de alta dirección
- c) A Lei promove que as mulleres e homes teñan as mesmas oportunidades de acceso á educación, o emprego e cargos de responsabilidade
- d) A Lei establece que só as mulleres poden ser beneficiarias de medidas de igualdade no ámbito laboral

5. Que medida de manexo axuda a manter a motivación das vacas para acudir ao robot de muxido:

- a) Restrinxir a auga
- b) Ofrecer penso durante o muxido
- c) Aumentar o número de muxidos forzados
- d) Cambiar o horario de muxido manual

6. Que obxectivo se persegue cunha boa recría en novillas frisoas:

- a) Aumentar o número de partos por vaca
- b) Reducir os custos de alimentación
- c) Lograr o primeiro parto aos 22-24 meses
- d) Evitar a inseminación temperá

7. Que é indispensable que teña toda explotación leiteira intensiva no acceso principal:

- a) Unha manga de manexo
- b) Un pediluvio e rodaluvio desinfectante
- c) Unha tolva de alimentación
- d) Un punto de muxido móbil

8. Cal é a medida de seguridade máis importante antes de intervir nunha máquina agrícola:

- a) Utilizar só ferramentas non punzantes
- b) Desconectar a batería e bloquear os mandos
- c) Retirar os protectores de seguridade
- d) Traballar cos EPIS en mans e pés



9. Cal é a distancia mínima que debe haber entre dous traballadores que están a rozar:

- a) 20m
- b) 15m
- c) Entre 10 e 15m
- d) 10m

10. Cando caduca un casco de seguridade:

- a) Aos 2 anos desde a súa compra
- b) Aos 3 anos desde a súa compra
- c) Aos 4 anos desde a súa compra
- d) Aos 5 anos desde a súa compra

11. As botas de seguridade para o uso da motoserra deben ter:

- a) Sola antiescorregadiza, punteira de aceiro e protección anticorte
- b) Sola antiescorregadiza e protección de nocello
- c) Protección anticorte e punteira de aceiro, pero non necesariamente sola antiescorregadiza
- d) Protección anticorte e sola de tacos

12. Cal das seguintes propiedades físicas inflúe directamente na capacidade de retención de auga do chan:

- a) Estrutura
- b) Cor
- c) Pendente
- d) Profundidade efectiva

13. Cal é una práctica eficaz para reducir a erosión hídrica en terreos con pendente:

- a) Incrementar a labranza
- b) Eliminar a vexetación espontánea
- c) Establecer terrazas ou cubertas vexetaís
- d) Aumentar a rega por aspersion

14. Cal dos seguintes elementos considérase macronutriente primario para as plantas:

- a) Ferro (Fe)
- b) Manganeso (Mn)
- c) Calcio (Ca)
- d) Nitróxeno (N)

15. O solo componse de tres fases, cales son:

- a) Líquida, sólida e areosa
- b) Areosa, líquida e gasosa
- c) Limosa, areosa e gasosa
- d) Líquida, sólida e gasosa

16. A fertilidade do solo refírese a:

- a) A capacidade do solo para proporcionar os nutrientes necesarios para o crecemento das plantas e é esencial para a produción agrícola sostible
- b) A capacidade do solo para que poidan cultivarse nel hortaliñas
- c) A cantidade de minerais e microorganismos patóxenos que ten
- d) A capacidade de previr a erosión

17. Cal é o principal obxectivo da propagación por estacas en ensaios agrícolas:

- a) Obter plantas con variabilidade xenética
- b) Acelerar a floración e fructificación
- c) Obter copias xenéticamente idénticas dunha planta madre seleccionada
- d) Reducir o número de plantas por ensaio

18. Cal dos seguintes factores favorece o enraizamento das estacas:

- a) Baixa humidade e alta temperatura
- b) Alta humidade ambiental e temperatura moderada
- c) Exposición directa ao sol todo o día
- d) Substrato compactado



19. Atendendo ás medidas de seguridade, cal destas accións se debe de ter en conta á hora de arrincar unha motoserra:

- a) Utilizar sempre gasolina sen chumbo 95
- b) Ter o freo de cadea activado
- c) Colocar o mando de arranque na posición de acendido
- d) Manter a funda de transporte colocada

20. Das seguintes máquinas agrícolas, cal NON se usa para preparar o terreo:

- a) Cultivador
- b) Grada
- c) Biotriturador
- d) Arado

21. Si queremos cortar troncos finos cunha rozadoira, que tipo de disco se debe usar:

- a) Disco de triturar
- b) Disco de Widea
- c) Disco de tres puntas
- d) Disco de aluminio

22. Para recortar un arbusto que forma unha pantalla vexetal, cal destas ferramentas se debe utilizar:

- a) Rozadoira
- b) Cortasetos
- c) Motoserra de poda
- d) Tesoira telescópica

23. Ademáis do depósito para o combustible, que outro depósito leva unha motoserra:

- a) Depósito de reserva
- b) Depósito de aceite
- c) Depósito de seguridade
- d) A motoserra só leva un depósito

24. Cada canto tempo é convinte substituír o filtro de combustible dunha rozadoira:

- a) Alo menos unha vez ao ano
- b) Cada 3 meses como norma xeral
- c) Unha vez ao mes en uso forestal
- d) Soamente se cambia cando está deteriorado

25. O perfilado dunha superficie con céspede, realízase:

- a) Normalmente e salvo raras excepcións, cunha segadora manual rotativa
- b) Cunha rozadoira manual portátil de fio
- c) Cun cortacésped helicoidal
- d) Ningunha é correcta

26. Cal das seguintes substancias se usa para eliminar o musgo do céspede:

- a) Sulfato de ferro
- b) Carbonato cálcico
- c) Sulfato de cobre
- d) Glifosato

27. Que efectos provoca a sombra sobre un céspede:

- a) Crecemento máis vigoroso
- b) Céspede máis débil e sensible ás enfermidades
- c) Ningunha variedade de céspede tolera a sombra
- d) Incremento de niveís de nitroxeno no solo

28. Cal das seguintes variedades de céspede é a máis utilizada en xardinería:

- a) *Ray Grass*
- b) *Festuca Rubra*
- c) *Agrotis Tenuis*
- d) *Poa Pratensis*

29. Cal dos seguintes EPIs son obrigatorios cando se usa unha motoserra:

- a) Protección auditiva
- b) Luvas anticorte
- c) Lentes antiproxeccións
- d) Todas son correctas

30. Que tipo de rega é ideal para manter a humidade nas estacas sen saturar o substrato:

- a) Nebulización ou aspersion fina
- b) Rega por inundación
- c) Rega con chorro directo
- d) Rega semanal por inmersión

RESERVA:

31. Son empregados públicos quen desempeñan funcións retribuídas nas Administracións Públicas ao servizo dos intereses xerais. Os empregados públicos clasifícanse en:

- a) Funcionarios de carreira
- b) Funcionarios interinos
- c) Persoal laboral, xa sea fixo, por tempo indefinido ou temporal
- d) Todas son correctas

32. Cal dos seguintes compostos utilízase comunmente para estimular o enraizamento:

- a) Ácido abscísico
- b) Ácido indolacético (AIA) ou ácido indolbutírico (AIB)
- c) Etileno
- d) Giberelinas

33. Que tipo de iluminación favorece o enraizamento das estacas:

- a) Luz difusa ou indirecta
- b) Oscuridade total
- c) Sol directo intenso
- d) Luz artificial nocturna continua

34. En qué parte do arnés se coloca a rozadoira:

- a) Na parte esquerda
- b) No centro
- c) Na parte dereita
- d) Colócase a elección, dependendo se a persoa é zurda ou diestra

35. Que tipo de produto se usaría para eliminar unha praga de Típula:

- a) Herbicida
- b) Insecticida
- c) Fungicida
- d) Ningún dos anteriores

PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR CINCO PRAZAS DE OFICIAL AGRÍCOLA GANDEIRO (PROMOCIÓN INTERNA), INTEGRADA NO GRUPO C2 (OEP 2025). PLANTILLA DE RESPONSTAS DO PRIMEIRO EXERCICIO.

PREGUNTA	RESPOSTA
1	d
2	c
3	a
4	c
5	b
6	c
7	b
8	b
9	b
10	d
11	a
12	a
13	c
14	d
15	d
16	a
17	c
18	b
19	b
20	c
21	b
22	b
23	b
24	a
25	b
26	a
27	b
28	a
29	d
30	a

RESERVA	
PREGUNTA	RESPOSTA
31	d
32	b
33	a
34	c
35	b